

Ourense, universo literario

Ramón Caride Ogando

Textos: **Marcos Valcárcel**
Foto: **M. Blanco**

Das terras de Cea, como o poeta Ánxel Sevillano, é Ramón Caride Ogando (Cea, 1957), biólogo e escritor, profesor de ensino secundario en Cambados desde hai varios anos.

Colaborou na maioría dos xornais galegos e impulsou iniciativas culturais como o colectivo e revista *A Santa Compañía*, que tamén presidiu (1994-1997); asinou, ademais, en revistas como *Dorna*, *Alba*, *Revista das Letras* (de *O Correo Galego*) e en volumes colectivos como *Voz e Voto* (1991), *Unha liña no ceo* (Xerais, 1996), *Narradores de cine* (1996), *Novo do trunque* (BNG, 1997), etc.

Como poeta, deuse a coñecer co volume *Paisaxe de verde chuvia* (1986), ao que seguirían logo *Tudo quanto ha no mundo* (1989); *Cerxe das labaredas* (Espiral Maior, 1994); *Flor no deserto* (1995, XV premio de poesía Cidade de Ourense); e *Xeografía do sal*, accésit no premio González Garcés, que publicou a Deputación coruñesa con ilustracións de Miguelanxo Prado en 1999.

No xenero da narrativa, Ramón Caride Ogando está considerado hoxe en día como un dos autores máis orixinais dos anos noventa, que cultivou o xenero do relato breve en volumes como *Os ollos da noite* (Ir Indo, 1990); *Crónica de sucesos* (1991); *Lume frío* (Xerais, 1994); *Fendas no templo* (1995); e en relatos como *Eve* (1996), *Snuff-movie* (1996) e *Foto-shock* (1997), estes en libros colectivos e varios deles moi influídos polas técnicas e recursos cinematográficos.

Do xenero da novela ofrecen *Sónos eléctricos* (Xerais, 1992), premio Blanco Amor, cunha parábola pioneira de ciencia-ficción sobre a rebeldía dun disidente nun mundo robotizado, e *Sarou Xerais*, 1997), premio Café Dublín, que aborda o tema do narcotráfico nas Rías Baixas.

Na súa narrativa Caride Ogando combinou xéneros e rexistros literarios, desde o relato realista ata o policíaco de serie negra e ó fantástico, interpelándose a menudo sobre os problemas da comunicación urbana, a crise do mundo rural en transformación violenta e despiadada e as novas interro-

gantes que nos depara o futuro tecnolóxico.

Especial éxito teñen tamén os seus libros de narrativa infantil, como a serie iniciada en *Perigo vexetal* (Xerais, 1995; premio Merlín) e continuada en *Ameaza na Antártida* (1997) e *As aventuras de Said e Sheila*, aventuras ecoloxistas no ano 2075, ilustradas sempre pola magnífica man de Miguelanxo Prado.

Da súa autoría é este poema, publicado en *Flor no deserto*: “No comezo era o lume tan cálido e vermello/ coma os ollos das mozas espidas das portadas / emprendemos o camiño ao país da

dama eléctrica/ morría agosto e estouraban os acios/ non precisabamos auga para apagar a sede/ nas nosas veas corría fogo líquido/ as noites longas nas que o tempo detido/ era un río xeadado de ar incandescente/ ata a néboa púrpura as cousas non parecían as mesmas/ íamos frotando risos de cristal/ e copulabamos en posturas múltiples/ nomear o amor nunca foi necesario/ os sonhos xurdían como manantiais/ esvarando en fervenzas por fondos cavorcos/ desfaciáanse en pingas de vidro ardente e vivo/ falar de futuro semellaba inútil/ cando estabamos no país da dama eléctrica”.



O AUTOR Ramón Caride na presentación das obras 'Escaner' e 'As aventuras de Said e Sheila', en 2002

O estudo das voces da nosa lingua

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (Ourense, 1960) é catedrático de Lingua e Literatura Galegas no IES As Lagoas. Desde moi novo andou en aventuras culturais como facerlle entrevistas a escritores como Blanco Amor ou Xaquín Lorenzo (1979, publicada esta en 'Raigame', 1999).

Participou no Clube Alexandre Bóveda e no Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo ourensán, formando parte moi activa asimesmo do Patronato da Fundación Otero Pedrayo. Pero, sobre todo, foi o creador e autor dunha das iniciativas máis suxestivas e fermosas da cultura galega das últimas décadas: a creación do Arquivo Sonoro de Galicia, dependente do Consello da Cultura Galega e editora dunha colección de cintas que garda

as voces dos nosos clásicos: Otero Pedrayo, Blanco Amor, R. Cabanillas, Cunqueiro, Fernández del Riego... Monxardín colabora tamén asiduamente no relatorio de Cultura Galega no Exterior do Consello da Cultura Galega, traduciu clásicos como 'O marabilloso mago de Oz' (Xerais, 1994) e asinou estudos como 'Ourense: letras a dez anos vista' (en 'Eduardo Núñez. Retratos', Concello Ourense, 1999) e 'La ciudad de Ourense: las letras' (en 'Cámara Ourense. 100 años', Cámara de Comercio, 2001).

Ademais ensaiou a escrita de ficción narrativa, gañando en 1987 o cuarto Concurso de Contos da Casa da Xuventude con 'A novidade'. Foi tamén o responsable da 'Fotobiografía de Xoaquín Lorenzo' (Xerais, 2004).

Nacido en Rairiz de Veiga (1954), Delfín Caseiro Nogueiras é licenciado en Filoloxía Románica e Galego-Portuguesa e ca-

tadrático de Lingua e Literatura Galegas no Instituto Blanco Amor de Ourense. Ten colaborado en diversos libros de texto e revistas especializadas da mesma área. É tamén o responsable do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vilar de Santos.

Así mesmo asinou traballos históricos e etnográficos sobre a súa comarca natal como 'A Sainza de mouros e cristiáns' na revista 'Raigame' n.10 (2000), 'Museo Etnolóxico da Limia, a presenza da memoria' ('Raigame' n.3, 1996) ou a fermosa historia de Ramón Fernández Pérez, coñecido como 'Monchiño de Corvillón, o xigante de Magarelos' ('Raigame' n.5, 1997), personaxe popular da comarca de Allariz que daría tamén un excelente personaxe literario (velaí o Dombodán de Manuel Rivas). Os seus últimos traballos son dous libros sobre a historia da romaría da Sainza e sobre os escritores da Limia (Ed. Difusora).

O poeta e narrador Caride Ogando colaborou na maioría dos xornais galegos e impulsou diversidade de iniciativas culturais

Manuel Taboada Cid

Nacido en Verín en 1946, fixo estudos de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago e graduouse en 1971 co traballo 'Vocabulario y notas etnográficas de la Mezquita', premiado en 1973 polo Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijóo.

Tras unha etapa como lector de español en Francia (1968-1969) e logo como profesor no entón Instituto feminino ourensán (1971-1973), fixo a súa tese doutoral sobre 'El habla del valle de Verín' (1976), incorporándose despois ó Departamento de Lengua Española da Facultade de Filoloxía de Compostela. Foi membro do grupo 'Marcelo Macías', secretario da sección de Lingua e Literatura Galegas do Instituto Padre Sarmiento e director xeral de Política Lingüística da Xunta.

En revistas como 'Boletín Auriense', 'Senara', 'Verba' e outras, publicou traballos sobre o arado radial no sur da provincia ourensá, sobre as afinidades lingüísticas galego-portuguesas na fronteira ourensá e sobre aspectos diversos da vida material e espiritual da Mezquita, así como notas críticas sobre a gramática histórica galega de García de Diego e sobre a 'Arte Castellana' (1626) de Gonzalo Correas. Publicou tamén a Bibliografía de Xesús Taboada Chivite (1907-1976), homenaxe ó seu pai editada en Gallaecia (1979).

E lugués da Terrachá é **Xosé María Carballeira Anllo**, pero traémolo aquí porque leva vinte e cinco anos vencellado a Ourense como profesor de Lingua e Literatura Galegas e director da antiga Universidade Laboral. Coordinou o 'Gran Dicionario Xerais da Lingua' (2000) e colaborou antes noutros proxectos como o 'Dicionario Xerais' de 1986.

En revistas e edicións especializadas publicou abundantes traballos lingüísticos como 'Características do galego de Carles Riba' no volume preparado por Alonso Montero e X.M. Salgado 'Poetas alófonos en lingua galega' (Galaxia, 1994), sendo coautor asimesmo de 'Actitudes e usos da poboación ourensá de ensino medio' ('Grial' n.107, 1990) e 'Usos e actitudes lingüísticas no ensino medio en Galicia' publicado nas 'Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas' (1989).